

NOTA INFORMATIVA

O día 16 de maio de 2026 terán lugar nas instalacións do Recinto Feiral Internacional da Fundación Semana Verde en Silleda, as probas de avaliación en competencias clave organizadas pola Dirección Xeral de Formación e Cualificación para o Emprego da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

As persoas asistentes a estas probas deberán cumprir as seguintes normas:

1. Cada persoa aspirante debe presentarse na porta de entrada que lle corresponda á hora indicada para o chamamento.
2. Evitaranse aglomeracións tanto fóra como dentro do local, realizando o acceso de forma ordenada. As persoas aspirantes evitarán, na medida do posible, ir acompañadas para evitar aglomeracións inxustificadas.
3. Na espera, acceso e permanencia no interior dos pavillóns en todo momento atenderase ás instrucións do persoal. Deberase prestar atención e cumprir a información da cartelaría e do persoal da organización.
4. Prestar atención e respectar as sinalizacións en canto a sentidos da circulación, localización, espera de quenda, etc.
5. Non se permitirá o acceso ao interior do lugar do exame con alimentos.
6. Non se habilitará ningún servizo de consigna.
7. Todas as persoas deberán acudir co seu propio material (bolígrafo tinta negra ou azul e calculadora se vai facer proba de competencia matemática) para a realización das probas, evitando compartilos.
8. Para axilizar a entrada aos pavillóns, as persoas aspirantes deberán ter a man o seu DNI/NIE ou pasaporte. Así mesmo, o DNI/NIE ou pasaporte deberá permanecer visible en todo momento sobre a mesa durante a realización das probas.
9. As persoas aspirantes non poderán levantarse nin abandonar a súa mesa sen a autorización expresa do persoal da organización. As saídas e entradas restrinxiranse ás que sexan imprescindibles.
10. Unha vez iniciadas as probas, non se permitirá a ningunha persoa aspirante, abandonar o pavillón ata pasados 30 minutos desde o momento en que se iniciou a proba.
11. A duración máxima da proba de cada competencia clave será de 1 hora. Avisarase 10 minutos antes da finalización do tempo de cada proba.
12. As persoas que se presenten a varias competencias poden distribuír o tempo total como consideren, é dicir, non teñen que rematar unha competencia para comezar coa seguinte.
13. No caso de que un aspirante finalice antes de rematar o tempo fixado para a proba, a recollida do exame realizarase directamente na mesa do aspirante polo persoal da organización, e para iso o aspirante deberá levantar a man para indicar que finalizou a proba.
14. Unha vez concluído o tempo fixado para a realización das probas, as persoas aspirantes deberán agardar no seu sitio ata que un membro de equipo da organización lle recolla o exame.
15. Ao rematar as probas, as persoas aspirantes saíran de forma ordenada e mantendo a distancia entre persoas.
16. Queda terminantemente prohibido o uso de móbiles ou dispositivos electrónicos durante a proba. O seu uso durante a realización das probas suporá a expulsión inmediata do proceso.